

## MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA A CREACIÓN DUN PUNTO DE ENCONTRO FAMILIAR

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia PSdeG - PSOE, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, soamente existen puntos de encontro familiar nas 7 principais cidades de Galicia.

Con todo, o pasado mes de setembro o goberno da Xunta de Galicia manifestou a intención de abrir máis puntos para cubrir áreas do rural.

Dende o Partido Socialista consideramos de vital importancia a creación dun punto de encontro familiar na nosa vila para así dar resposta ás necesidades de tantos veciños que ata a data deben desprazarse a outras localidades para facer uso deste servizo familiar para “intercambiar” aos menores cando lles toca cambiar de progenitor.

Por isto, solicitamos a este Pleno o seguinte

### ACORDO

Instar á Xunta de Galicia á realización dun estudo para valorar a viabilidade da creación deste Punto de Encontro Familiar en Carballo, para uso de todos os Concellos da comarca de Bergantiños.

Carballo a 15 de Outubro do 2019.  
María Carmen Vila Blanco.  
Voceira Grupo Municipal Socialista.

Sr. ALCALDE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL